



SOLICITUDE PARA REALIZAR UNHA ACTIVIDADE NA ILLA DE SAN SIMÓN

DATOS DO SOLICITANTE:

NOME:		
DNI/NIF:		
ENDEREZO:		
TELÉFONO E CORREO-E:		
PESOA DE CONTACTO:	Nome e apelidos:	
	DNI:	
	Teléfono:	
	Correo-e:	

DATOS DA ACTIVIDADE:

NOME DO EVENTO:	
DATA:	
Nº PERSOAS:	
HORARIO:	
NECESIDADES	INSTALACIÓNS (indicar as instalacións para reservar): Auditorio - Comedor - Cociña - Residencia Outros:
	SERVIZOS* (indicar os servizos que van contratar): Transporte - Seguridade - Cátering – Limpeza - Outros <small>*Servizos detallados no Anexo 1 (Servizos que non proporciona a S.X. Cultura).</small>
	MATERIAIS TÉCNICOS:
	OUTROS:

DESCRICIÓ DA ACTIVIDADE:

--

OBSERVACIÓNS:

--

SINATURA DO SOLICITANTE



MOI IMPORTANTE

Mentres dure o estado de emerxencia sanitaria en Galicia polo covid-19, a Illa será accesible para o público visitante e para os participantes nas súas actividades coas seguintes instrucións:

1. As persoas que accedan á Illa deberán utilizar máscara e manter en todo momento a distancia interpersonal recomendada pola autoridade sanitaria.
2. Admitiranse grupos de visita composto por un máximo de 20 persoas. Deberase asegurar especialmente que as persoas visitantes non deixen na Illa ningún tipo de residuo.
3. Non se autorizará ningún tipo de actividade que supoña pernoctar na Illa.
4. Tendo en conta as capacidades de San Simón e Santo Antón, permitiranse os actos culturais ao aire libre ata un máximo de 100 persoas, que estarán sentadas, mantendo a distancia interpersonal recomendada pola autoridade sanitaria.
5. Permitiranse actividades culturais nas instalacións interiores, coa metade de capacidade de cada sala ou espazo, e cun máximo de 20 persoas por actividade.
6. Nas actividades deportivas e de lecer, en exteriores e interiores da Illa, admitiranse grupos de ata 20 persoas.

Normativa aplicable

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (publicado no Diario Oficial de Galicia do sábado 13 de xuño de 2020):

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200613/AnuncioC3K1-120620-1_gl.html

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (publicada no Diario Oficial de Galicia do sábado 27 de xuño de 2020).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200627/AnuncioC3K1-250620-1_gl.html



ANEXO 1. CONDICIÓN DE USO DAS INSTALACIÓN DA ILLA DE SAN SIMÓN

As actividades que se realicen na Illa de San Simón (de aquí en diante, a Illa) deberán presentar sempre un carácter cultural, educativo, socio-deportivo ou de interese público.

1. TARIFAS POLO USO DAS INSTALACIÓN

Non procede aplicar tarifas polo uso das instalacións.

2. SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN QUE INCLÚE O USO DAS INSTALACIÓN

Unha vez concedida a autorización de uso das instalacións, a entidade organizadora disporá de todos os elementos loxísticos cos que conta a Illa, tales como equipamentos técnicos e outros.

Poderá empregar a subministración de auga, electricidade, telefonía e internet dispoñibles, como tamén o servizo de vixilancia e seguridade no seguinte horario:

Horarios de visita

De 1 de xaneiro a 28 de febreiro	de 11 a 18 horas
De 1 de marzo a 31 de maio	de 11 a 19 horas
De 1 de xuño a 31 de agosto	de 11 a 20 horas
De 1 de setembro a 31 de outubro	de 11 a 19 horas
De 1 de novembro a 31 de decembro	de 10 a 18 horas

Co fin de realizar labores técnicas de organización da actividade, o persoal da entidade organizadora poderá facer uso do medio de transporte marítimo que presta servizo á Illa, cuxo horario debe ser consultado co servizo de coordinación. Nestes desprazamentos non está incluído o transporte dos usuarios da actividade a desenvolver.

Tamén se pode acceder aos espazos exteriores sen máis limitacións que as que se dispoñan para a conservación dos mesmos ou para a compatibilización de actividades.

Para aquelas actividades que supoñan unha participación de máis de 150 persoas ou para aquelas outras actividades que impliquen situacións potenciais de risco colectivo, a entidade organizadora deberá solicitar os servizos de Protección Civil para coordinar as actuacións a realizar en caso de emerxencia.

3. SERVIZOS QUE NON PROPORCIONA A SECRETARÍA XERAL DE CULTURA

- Transporte ata e dende a Illa fóra do horario contratado, excepto naqueles casos que se dispoña o contrario.
- Servizo de seguridade fóra do horario contratado, salvo naqueles casos nos que excepcionalmente se dispoña o contrario. O servizo de seguridade terá que ser permanente durante a realización de calquera actividade e/ou visita.
- Limpeza dos espazos e instalacións, estando obrigado o organizador do evento a deixar limpos os espazos empregados ao remate da actividade.



- Roupa de cama e aseo.
- Manutención dos participantes, de resultar precisa.
- Servizo de camareiros e de cuartos.
- Soporte de produción de eventos.
- Asistencia nocturna, se se precisase.
- Persoal de primeiros auxilios, aínda que se poderá utilizar, en caso de ser necesario, o botiquín de primeiros auxilios situado na zona de enfermería.
- Calquera outro servizo non expresamente contemplado no apartado 2.

A entidade organizadora ten plena liberdade para contratar os provedores que estime oportunos a tales fins, excepto o servizo de vixilancia da Illa.

4. SEGUROS

Sen prexuízo dos seguros contratados pola S.X. Cultura, a entidade organizadora deberá contratar o correspondente seguro que cubra posibles sinistros acontecidos durante as actividades –seguro de responsabilidade civil– e un seguro de danos materiais.

A S.X. Cultura poderá requirir en calquera momento a documentación acreditativa da existencia dos mesmos. A non presentación da documentación ou a insuficiencia do contrato permitirá cancelar a reserva sen indemnización para o organizador.

5. NORMATIVA DE USO E SEGURIDADE DOS ASISTENTES

Ademais destas normas, a entidade organizadora declara coñecer as normas xerais de uso da Illa (véxase o Anexo 2). O incumprimento delas poderá supor a expulsión da Illa do infractor e/ou a cancelación do evento, sen que caiba indemnización ningunha.

Para as actividades con 100 ou máis asistentes e que precisen de máis de un barco para a evacuación, a entidade organizadora deberá adherirse ao plan de autoprotección da Illa –que lle será oportunamente remitido–, achegando a documentación precisa coas adaptacións do dito plan que correspondan para o concreto evento a realizar. En tanto non sexa presentada esa documentación, a S.X. Cultura non outorgará autorización de uso da Illa.

6. ACEPTACIÓN

A entidade organizadora declara coñecer estas normas e acéptaa expresamente. A aceptación entenderase cumprimentada por medio da sinatura e data da mesma, así como co seu selado no caso das persoas xurídicas, e pola remisión da mesma á S.X. Cultura polo medio por esta indicado.

Non se producirá a confirmación da reserva en tanto a S.X. Cultura non dea confirmación da recepción deste documento en debida forma.



7. PROMOCIÓN

No caso de que a entidade organizadora desexa levar a cabo calquera tipo de promoción pública da actividade a desenvolver na instalación, o cartel e/ou campaña promocional do evento deberá contar coa autorización expresa da S.X. Cultura previamente á súa difusión pública.

ANEXO 2. NORMAS XERAIS DE ACCESO E USO DA ILLA DE SAN SIMÓN

Establécense as seguintes normas para o acceso e uso da Illa, que rexerán con carácter xeral e salvo excepcións expresamente autorizadas pola S.X. Cultura. Estas normas teñen como obxectivo salvagardar a seguridade dos visitantes, así como os elementos patrimoniais do Sitio Histórico e o medio ambiente da paraxe natural onde se ubica.

A Illa está declarada Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1999. O seu alto valor histórico, cultural e paisaxístico mereceu que a Administración Pública lle concedese un importante nivel de protección cultural e ambiental, co fin de permitir un uso público compatible cunha óptima conservación deste elemento do noso patrimonio, permitindo as visitas controladas ao recinto e a realización de actividades culturais e educativas de carácter diverso.

1. SOLICITUDE

Toda visita á Illa deberá ser solicitada con carácter previo (mínimo 48 horas laborables antes da data de visita), por petición escrita dirixida a illadesansimon.cultura@xunta.gal

Todas as solicitudes serán respostadas. En caso de que esa resposta, por calquera circunstancia, non se produza, a solicitude entenderase denegada.

2. AUTORIZACIÓN

Serán autorizadas todas as actividades que teñan un marcado interese cultural e/ou formativo, en consonancia cos obxectivos fundacionais da Illa de San Simón.

A autorización implica a aceptación e o seguimento das normas réxime interno que serán entregadas ao solicitante.

Con carácter xeral, as visitas privadas non están autorizadas, salvo por necesidades de salvamento ou outras circunstancias extraordinarias.

3. USO DAS INSTALACIÓNS

Os visitantes poderán pasear polos xardíns e exteriores da Illa e visitar as exposicións que se atopen abertas ao público, así como a capela de San Simón.

No suposto de existir servizo de cafetería, poderán ser usadas as instalacións correspondentes, así como os edificios con aseos públicos.



As restantes instalacións e edificacións teñen prohibida a entrada de persoas non autorizadas, salvo disposición contraria.

4. TRANSPORTE

O grupo deberá proveerse do seu propio transporte marítimo, capaz de levar ao grupo integrante da visita.

No caso de ser aprobada a visita, deberá comunicarse hora de chegada e saída da embarcación, así como características da mesma (eslora, calado,...). O patrón da embarcación será responsable de seguir as indicacións que desde a Illa de San Simón se lle transmitan para as operacións de chegada, partida e espera.

En calquera dos supostos, o número de persoas por expedición que terá acceso á Illa será o do dobre da capacidade da embarcación que faga o transporte. Por exemplo, se un grupo ten contratado un barco de 100 prazas, o número máximo de persoas que poderán achegarse será de 200, en dúas viaxes. O transporte nunca deberá verse obrigado a facer máis de dúas viaxes en caso de ser preciso proceder á evacuación da Illa.

A Illa non se fai responsable do servizo de transporte, polo que non ten capacidade de decisión sobre horarios, capacidades, tarifas, permisos de navegación, nin, en xeral, sobre ningunha circunstancia relativa á navegación das embarcacións, limitándose unicamente a permitir o acceso aos peiraos das embarcacións que transporten visitas autorizadas.

5. GUÍAS

Non existe persoal de guía ao dispor das visitas. O uso de guías contratados por parte dos visitantes está autorizado, sempre que non empreguen elementos de megafonía, tales coma altofalantes ou similar.

6. SEGURIDADE

Os visitantes deberán seguir ás instrucións do persoal de seguridade e demais persoal baixo as directrices da S.X. Cultura da Xunta de Galicia.

As visitas deberán prever a necesidade de contar con persoal sanitario na visita, dado que este non está dispoñible na Illa. O persoal sanitario terá acceso libre para o uso da enfermería da Illa, de resultar preciso.

Os menores de idade poden entrar baixo a supervisión e coidado dun adulto.

Está prohibido o baño nas costas da Illa.

Os grupos de visitantes deberán contar cun seguro de responsabilidade civil e outros de accidentes, sen prexuízo dos contratados pola Illa. Pódese requirir a documentación acreditativa daqueles e denegar a autorización en caso de non ser presentada ou non acreditar a existencia do correspondente seguro.



7. COIDADOS DA ILLA

Non está permitido comer ou facer ningún tipo de picnic na Illa, nin facer lume de calquera clase agás as excepcións contempladas nesta normativa.

Non está permitido fumar no interior de ningún edificio. Respecto dos espazos exteriores, non se poderá fumar máis que nos peiraos de acceso, e nas superficies enlosadas.

Non está permitido tirar ningunha clase de lixo ao chan. A entidade organizadora pode ser requirida para sufragar o custo da limpeza resultante do incumprimento desta norma.

Non está permitida a entrada de animais de compañía agás cans guía.

8. PRIVACIDADE

Existen cámaras de seguridade nas illas que non gravan as imaxes que toman, polo que a privacidade dos visitantes, a eses efectos, queda garantida.

9. CUSTO DA VISITA

Baixo o réxime contemplado na presente normativa, a entrada na Illa é gratuíta, polo que o visitante unicamente debe asumir o custo do transporte ata ela.